



TRÁMITE : Certificado do acordo.

José Carlos Castiñeira Piñeiro, Secretario do Concello de Pontevedra, CERTIFICO que, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 19.06.2019, adoptouse o seguinte ACORDO que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

5.- FIXACIÓN DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓNS DOS ORGANOS MUNICIPAIS COLEXIADOS

A continuación, o Sr. Secretario dá lectura á proposta indicando que hai un erro ao non coincidir as cifras sinaladas en letra coas sinaladas en número, sendo estas últimas as correctas.

Seguidamente, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), presta a súa aprobación á proposta da Alcaldía, de data 15.06.2019, coas modificacións indicadas pola Secretaría e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Os membros da Corporación, que non desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes indemnizacións por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Concello de Pontevedra, nas seguintes contías:

- a) Por cada asistencia a sesións, ordinarias ou extraordinarias, celebradas polo Pleno da Corporación a cantidade de trescentos (300 €).
- b) Por cada asistencia polos seus membros a sesións, ordinarias ou extraordinarias, celebradas pola Xunta de Goberno Local a cantidade de cento corenta euros (140 €).
- c) Por cada asistencia a sesións de Comisións Informativas, permanentes ou especiais, ó Presidente a cantidade de cento corenta euros (140 €) e ós vogais cento vinte euros (120 €).

Segundo.- Establécense as seguintes indemnizacións por asistencia efectiva ás sesións dos organismos autónomos do Concello de Pontevedra, nas seguintes contías:

- Por cada asistencia a sesións, ordinarias ou extraordinarias, celebradas polo Consello de Goberno do "Pazo de Congreso e Exposicións" a cantidade de oitenta e cinco euros (85 €)

Terceiro.- Adoptaranse as medidas procedentes para a suplementación dos créditos orzamentarios se as dotacións existentes resultaran insuficientes e anualmente consignarase cantidade suficiente para facer fronte as obrigas económicas derivadas do cumprimento deste acordo.

Cuarto.- En cumprimento do establecido nos arts. 75.5 da Lei 7/1985 e 8 da Lei 19/2013, de Transparencia e Bo Goberno, o presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello por quince días hábiles. E, para a máxima transparencia, procederase igualmente á súa publicación na sede electrónica municipal por igual prazo.

E para que conste, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), expido a presente certificación, visada polo Alcalde, en Pontevedra ao día da sinatura.

